GRAMMAR APPENDIX

UNIT 1 *People*

PRESENT SIMPLE		
FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **work**	I / You **do not** (**don't**) **work**	**Do** I / you **work**?
He / She / It **works**	He / She / It **does not** (**doesn't**) **work**	**Does** he / she / it **work**?
We / You / They **work**	We / You / They **do not** (**don't**) **work**	**Do** we / you / they **work**?

Uses	Examples	Adverbs of frequency / Time expressions
A regular habit or routine	*My sister **works** on Sundays.* (Miña irmá traballa os domingos.)	always, usually, generally, regularly, occasionally, frequently, often, sometimes, rarely, seldom, never at 1 o'clock, at night, in the morning, on Fridays, every week, once a month, how often ...?
A general truth or scientific fact	*London **is** a multicultural city.* (Londres é unha cidade multicultural.)	
Stative verbs	*I **think** she is attractive.* (Penso que ela é atractiva.)	

Forma

Afirmativa: é como a forma base do verbo (é dicir, o infinitivo sen **to**) agás na 3ª persoa, que remata en **s** ou **es**.

Para formar axeitadamente a 3ª persoa cómpre ter en conta as seguintes regras ortográficas:

- Os rematados en **o**, **ss**, **sh**, **ch** ou **x** engaden **es**: *do - do**es**, miss - miss**es**, wish - wish**es**, touch - touch**es**, fix - fix**es**.*
- Os rematados en **vogal** + **y** engaden un **s**: *say - say**s**.*
- Os rematados en **consoante** + **y** cambian o **y** por **i** antes de engadir **es**: *try - tr**ies**.*

Negativa: ponse **do not** (**don't**) ou **does not** (**doesn't**) na 3ª persoa, diante da forma base do verbo.

Interrogativa: antepóñense **do** ou **does** ao suxeito e ao verbo.

Lembra que **have got**, **to be** e os verbos modais non precisan **do** / **does** en negativa nin interrogativa.

Usos

- Falarmos de accións habituais ou rutinas.
- Falarmos de feitos xerais ou científicos.
- Con *stative verbs* (repara na páxina seguinte).
- Con horarios e programas.
  *The train **leaves** at 4 o'clock.* (O tren sae ás 4.)

Os adverbios de frecuencia van diante do verbo, mais se é o verbo **to be** van detrás del.

*Ian **never wears** trainers.* (Ian nunca leva tenis.)
*Paul **is always** nice.* (Paul é sempre simpático.)

As expresións de tempo, porén, sempre se poñen ao comezo ou ao final da frase.

*James **runs every day**.* (James corre todos os días.)

Con **how often ...?** pregúntase con que frecuencia se fai algunha cousa.

***How often** do you read?* (Con que frecuencia les?)

PRESENT CONTINUOUS		
FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I **am singing**	I **am** (**I'm**) **not singing**	**Am** I **singing**?
You **are singing**	You **are not** (**aren't**) **singing**	**Are** you **singing**?
He / She / It **is singing**	He / She / It **is not** (**isn't**) **singing**	**Is** he / she / it **singing**?
We / You / They **are singing**	We / You / They **are not** (**aren't**) **singing**	**Are** we / you / they **singing**?

Uses	Examples	Time expressions
An action which is happening now	*Alex **is singing** right now.* (Alex está a cantar agora mesmo.)	now, right now, at the moment
A temporary action	*They **are learning** French this year.* (Eles están a aprender francés este ano.)	this year, at present
A definite plan for the near future	*Bob **is meeting** Martin tonight.* (Roberto vai quedar con Martin esta noite.)	this evening, tonight, tomorrow, next Friday / week / year

Forma

Afirmativa: usamos **to be** en presente + un verbo principal, ao que engadimos **ing** seguindo as seguintes regras ortográficas:

- Rematado en **e** mudo, perde o **e**: *ride - rid**ing***.
- Rematado en **y**, manteno: *pay - pa**ying***.
- Rematado en **ie**, cambia **ie** por **y**: *die - d**ying***.
- De unha sílaba, rematado en **vogal** + **consoante**, dobra esta última (agás **w** e **x**): *run - ru**nning*** mais *show - sho**wing***.
- Bisílabo con acento grave rematado en **l** ou **p**, dóbrao: *travel - trave**lling***.
- Bisílabo con acento agudo rematado en **vogal** + **consoante**, dobra esta última: *refer - refe**rring***.

Negativa: fórmase co verbo **to be** + **not** (ou **n't**) + o verbo principal rematado en **ing**.

Interrogativa: a orde é **to be** + o suxeito + o verbo en **ing**.

Usos

- Dicirmos o que está a pasar no intre de falar.
- Expresarmos accións prolongadas que están a ocorrer nun presente máis amplo.
- Dicirmos o que faremos con toda seguranza nun futuro próximo pois xa o fixamos de antemán.
- Co adverbio **always**, para denotar unha queixa.

  *He **is always playing** tricks on me.*
  (Sempre está a a facerme brincadeiras.)

➡ Stative Verbs

Como indican un estado máis que unha acción, úsanse case sempre en *Present Simple*. Están relacionados con:

- as emocións e os sentimentos (**dislike**, **enjoy**, **hate**, **hope**, **like**, **love**, **prefer**, **want**),
- o pensamento e a opinión (**believe**, **forget**, **guess**, **know**, **remember**, **think**, **understand**),
- a percepción e os sentidos (**feel**, **hear**, **see**, **smell**, **sound**, **taste**, **touch**),
- os prezos e as medidas (**cost**, **measure**, **weigh**) e
- a pertenza (**belong**, **have**, **own**).

Algúns poden indicar tanto estado como actividade e poden empregarse na forma simple e mais na continua.

*Donna **thinks** the book is wonderful.*
(Donna cre / opina que o libro é estupendo.) [estado]

*He **is thinking** about going to Malta in the summer.*
(Está pensando en marchar a Malta no verán.) [actividade]

Mentres que o verbo **see** en *Present Continuous* indica unha acción futura fixada de antemán.

*Brian and I **are seeing** Ann tonight.*
(Brian e mais eu veremos a Ann esta noite [xa quedamos.]

➡ Os prefixos

Os prefixos **dis**, **il**, **im**, **in** e **un** engádense a algúns adxectivos para darlles un significado negativo.

satisfied (satisfeito/a)	***dis**satisfied* (insatisfeito/a)
legal (legal)	***il**legal* (ilegal)
patient (paciente)	***im**patient* (impaciente)
correct (correcto/a)	***in**correct* (incorrecto/a)
pleasant (agradábel)	***un**pleasant* (desagradábel)

Lembra que **il** se antepón a adxectivos que comezan por **l** (***il**logical*) e **im** aos que comezan con **m** ou **p** (***im**mortal*, ***im**possible*).

Ten en conta que ás veces non son prefixos senón parte da palabra: *disaster*, *illusion*, *impressive*, *understand*, etc.

Outros prefixos que se engaden a distintas clases de palabras son **anti**, **inter**, **multi**, **over**, **re** e **under**.

social (social, sociábel)	***anti**social* (antisocial)
national (nacional)	***inter**national* (internacional)
lateral (lateral)	***multi**lateral* (multilateral)
active (activo/a)	***over**active* (hiperactivo/a)
write (escribir)	***re**write* (reescribir)
ground (chan)	***under**ground* (subterráneo/a)

UNIT 2 *Travel*

PAST SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You **finished**	I / You **did not** (**didn't**) **finish**	**Did** I / you **finish**?
He / She / It **finished**	He / She / It **did not** (**didn't**) **finish**	**Did** he / she / it **finish**?
We / You / They **finished**	We / You / They **did not** (**didn't**) **finish**	**Did** we / you / they **finish**?

Uses	Examples	Time expressions
A completed action in the past	*I **went** to Paris last year.* (Fun a París o ano pasado.)	yesterday, last week / year, two days ago, in 2007, in the 1980s, in the 18th century, when, then
A series of completed actions in the past	*When I **opened** the door, the dog **barked** at him.* (Cando abrín a porta, o can ladroulle.)	

Forma

Afirmativa: o *Past Simple* (pretérito perfecto ou imperfecto, en galego) dun verbo regular fórmase engadindo **ed** á súa forma base.

Lembra que cómpre seguir as seguintes regras ortográficas para engadir **ed**:

- Os rematados en **e** mudo engaden só o **d**: *prove - prove**d***.
- Os que rematan en **vogal** + **y** engaden **ed**: *stay - stay**ed***.
- Os rematados en **consoante** + **y** cambian o **y** por **i**: *carry - carr**ied***.
- Os de unha sílaba rematados en **vogal** + **consoante** dobran esta última (agás **w** e **x**): *stop - sto**pped*** mais *fix - fix**ed***.
- Os bisílabos con acento grave rematados en **l** ou **p** dobran a consoante: *cancel - cance**lled***.
- Os bisílabos con acento agudo rematados en **vogal** + **consoante** dobran esta última: *prefer - prefe**rred***.

Os verbos irregulares, como podes ver na listaxe incluída ao final desta separata, non seguen ningún destes procesos.

Negativa: empregamos **did not** (**didn't**) + a forma base do verbo.

Interrogativa: poñemos **did** + suxeito + o verbo na forma base.

Usos

- Falarmos de accións ocorridas nun momento concreto do pasado.
- Expresarmos accións consecutivas no pasado.
- Indicarmos que unha acción curta (introducida por **when**) ocorreu cando outra máis longa estaba en proceso.

  *Phil was returning home **when** his car **broke** down.*
  (Phil volvía á casa cando se lle avariou o coche.)
- Describirmos ou contarmos de que xeito eran as cousas no pasado.

  *In the 19th century, women **didn't wear** bikinis.*
  (No século XIX, as mulleres non levaban bikinis.)

A expresión temporal **ago** ponse detrás do período de tempo indicado e tradúcese por "hai".

*They left two hours **ago**.* (Marcharon hai dúas horas.)

PAST CONTINUOUS

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I **was writing**	I **was not** (**wasn't**) **writing**	**Was** I **writing**?
You **were writing**	You **were not** (**weren't**) **writing**	**Were** you **writing**?
He / She / It **was writing**	He / She / It **was not** (**wasn't**) **writing**	**Was** he / she / it **writing**?
We / You / They **were writing**	We / You / They **were not** (**weren't**) **writing**	**Were** we / you / they **writing**?

Uses	Examples	Time expressions
An incomplete action in progress at a specific time in the past	*At 9 o'clock last night, Eric **was visiting** his parents.* (Ás 9 da noite, Eric estaba a visitar a seus pais.)	last night / week / year, at 4 o'clock, when, while, as
An incomplete action interrupted by another action	*They **were skiing** when their parents arrived at the resort.* (Eles estaban a esquiar cando seus pais chegaron á estación de esquí.)	
Two incomplete actions in progress at the same time in the past	*The plane **was taking off** as I **was driving** to the airport.* (O avión estaba despegando mentres eu conducía cara ao aeroporto.)	

Forma

Afirmativa: é o pasado de **to be** un verbo principal rematado en **ing**.

Negativa: fórmase engadindo **not** (ou **n't**) a **was** / **were** + o verbo principal rematado en **ing**.

Interrogativa: poñemos **to be** + o suxeito + o verbo con **ing**.

Usos

- Dicirmos o que estaba a ocorrer nun momento concreto do pasado.
- Expresarmos que unha acción longa estaba en proceso cando ocorreu unha curta. A longa leva **while** ou **as** e a curta **when**.
- Expresarmos que varias accións ocorrían simultaneamente no pasado. Neste caso van unidas por **while** ou **as**.

PAST PERFECT SIMPLE		
FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **had arrived**	I / You **had not** (**hadn't**) **arrived**	**Had** I / you **arrived**?
He / She / It **had arrived**	He / She / It **had not** (**hadn't**) **arrived**	**Had** he / she / it **arrived**?
We / You / They **had arrived**	We / You / They **had not** (**hadn't**) **arrived**	**Had** we / you / they **arrived**?
Uses	**Examples**	**Time expressions**
A completed action which took place before another action in the past	*By the time he arrived, the train **had** already **left**.* (Cando chegou, o tren xa marchara.)	already, by the time, after, before, until, never, just

Forma

Afirmativa: o *Past Perfect Simple* (pretérito pluscuamperfecto) fórmase con **to have** en pasado + o participio do verbo principal.

Negativa: poñemos **had not** (**hadn't**) + o participio do verbo.

Interrogativa: ponse **had** + o suxeito + o participio do verbo.

Usos

- Indicar que unha acción ocorreu antes ca outra (que vai en *Past Simple*), ou ben antes dun intre concreto do pasado.

➡ Phrasal Verbs

Son verbos seguidos de unha ou dúas partículas, cun significado distinto do que cada palabra ten por separado.

Poden ser transitivos ou intransitivos.

*How did you **get to** the party?* (Como chegaches á festa?)
*I **set off** at 8 o'clock.* (Saín ás 8.)

Os máis dos transitivos permiten intercalar o obxecto directo entre o verbo e a partícula: se é substantivo pode ir no medio ou non, mais se é pronome débese emprazar entre ambos os dous.

*I'm going to **pick up** my brother at the station.*
(Vou recoller ao meu irmán á estación.)
*I'm going to **pick** my brother **up** at the station.*
*I'm going to **pick** him **up** at the station.*

Porén, algúns transitivos, todos os intransitivos e os formados por dúas partículas son inseparábeis.

*Abel is **looking for** his keys / them.*
(Abel está a procurar as súas chaves / a procuralas.)

Algúns verbos pódense combinar con diferentes partículas para formaren diferentes *phrasal verbs*.

get across (comunicar, facer entender; cruzar, atravesar)
get by (defenderse (idioma); amañarse)
get through (comunicar(se))

Ademais, moitos *phrasal verbs* teñen máis de un significado:

get into (entrar / meterse en; interesarse por)
turn down (baixar [o volume]);
turn up (subir [o volume]; aparecer, presentar)
switch off (apagar; desconectar, perder a atención)

Repara na listaxe de *phrasal verbs* que hai nas páxinas finais da separata para ver máis casos.

➡ Adverbios

Adverbios de modo

Modifican aos verbos porque describen a forma en que se realiza a acción. Con eles respóndese ás preguntas que comezan con **how ...?**.

Os máis son regulares e fórmanse engadindo a terminación **ly** ao adxectivo correspondente:

careful (coidadoso/a)	*careful**ly*** (con coidado)
neat (ordenado/a)	*neat**ly*** (ordenadamente)
quick (rápido/a)	*quick**ly*** (de présa, rapidamente)
slow (vagaroso/a)	*slow**ly*** (amodo)

Mais algúns, como os seguintes, son irregulares:

fast (rápido/a)	***fast*** (de présa, rapidamente)
good (bo/oa)	***well*** (ben)
hard (duro/a, difícil)	***hard*** (arreo, moito)

Os adverbios de modo sitúanse antes ou despois do verbo.

***Well** done, Patrick! It's a great exam result.*
(Ben feito, Patrick! É unha cualificación fantástica.)
*My father drove **fast** because he was late for work.*
(Meu pai conduciu de présa pois chegaba tarde a traballar.)

Adverbios que afectan a toda a oración

Este tipo de adverbios modifican a toda a oración e adoitan expresar a opinión ou actitude do que fala.

***Luckily**, they believed me when I told the truth.*
(Afortunadamente, créronme cando contei a verdade.)

Polo xeral, colócanse ao comezo da frase, aínda que tamén podemos atopalos en medio.

*He has **probably** left the city by now.*
(Se cadra xa marchou da cidade.)

Adverbios de intensidade

Son os que acompañan a algúns adxectivos ou a outros adverbios para matizaren o seu significado dando unha idea da súa maior ou menor intensidade.

a bit (un pouco)	*rather* (bastante)
fairly (bastante, abondo)	*really* (realmente)
not at all (nada)	*slightly* (lixeiramente)
pretty (bastante, abondo)	*totally* (totalmente)
quite (moi, bastante)	*very* (moi)

Colócanse diante do adxectivo ou do adverbio ao que acompañan.

*Meeting the Queen was **quite** exciting.*
(Coñecer á raíña foi bastante emocionante.)

➡ used to / would

Empréganse para falarmos de accións que eran frecuentes no pasado mais xa non o son. Adóitanse acompañar de adverbios e expresións de tempo.

***Every night**, Bob **used to** dream about becoming an actor.*
(Cada noite, Bob adoitaba soñar / soñaba con chegar a ser actor.)

*When I was a child, we **would often** go to the country.*
(Cando eu era un neno, adoitabamos ir ao campo a miúdo.)

Used to tamén se emprega para falarmos de estados e situacións pasadas, e entón traducimos o verbo principal en pretérito perfecto simple ou en pretérito imperfecto. **Would** non pode empregarse nestes casos.

*I **used to** live in this street.* (Eu vivía nesta rúa.)

** I **would** live in this street.* [Non é correcto.]

Used to non ten forma de presente. En negativa e interrogativa require o auxiliar **did** e en ambos os dous casos perde o **d**.

***Did** your mother **use to** travel a lot when she was young?*
(A túa nai adoitaba viaxar moito cando era nova?)

UNIT 3 *Sport*

PRESENT PERFECT SIMPLE		
FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **have lived**	I / You **have not** (**haven't**) **lived**	**Have** I / you **lived**?
He / She / It **has lived**	He / She / It **has not** (**hasn't**) **lived**	**Has** he / she / it **lived**?
We / You / They **have lived**	We / You / They **have not** (**haven't**) **lived**	**Have** we / you / they **lived**?

Uses	Examples	Time expressions
An action that began in the past and continues until the present	*I **have lived** in York for two years.* (Vivín en York durante dous anos.)	never, ever, already, just, yet, recently, lately, how long ...?, for, since, in recent years
An action that took place at an undetermined time in the past, but is connected to the present	*Pam **has moved** house recently.* (Pam trasladouse de casa recentemente.)	

Forma

Afirmativa: fórmase con **have** / **has** + o participio do verbo.

Negativa: poñemos **have** / **has** + **not** (ou **n't**) + o participio.

Interrogativa: poñemos **have** / **has** + o suxeito + o participio.

Usos

- Falarmos de accións que comezaron no pasado e aínda continúan. Por iso, ás veces tradúcese o verbo en presente.
- Con accións pasadas cuxos efectos son visíbeis arestora.
- Expresarmos que unha acción acaba de ocorrer. Entón engadimos **just** entre o auxiliar e o participio.

  *Your team has **just** scored a goal.*
  (O teu equipo vén de marcar un gol.)

Never, **ever**, **already** e **just** póñense entre o auxiliar (**have**) e o participio do verbo, mentres que **yet** sempre aparece ao final da frase.

*The match has **already** started.* (O partido xa comezou.)

*Have you seen the new car **yet?*** (Viches xa o coche novo?)

En afirmativa empregamos **just**, **never** e **already**, en negativa empregamos **yet**, e en interrogativa **already**, **ever**, **yet** e **just**.

*I've **never** played basketball.*
(Nunca xoguei ao baloncesto.)

*She hasn't tried snowboarding **yet**.*
(Ela non intentou facer *snowboard* aínda.)

*Have you **ever** met a football player?*
(Algunha vez coñeciches a un xogador de fútbol?)

Con **how long ...?** preguntamos canto tempo pasou desde que a acción, que aínda continúa, comezou.

***How long have** they **lived** here?*
(Canto tempo hai que viven aquí?)

For sinala canto durou a acción e **since** cando comezou.

*I **have played** volleyball **for** two years / **since** I was a child.* (Xoguei ao voleibol durante dous anos / desde que era un neno.)

➡ Contraste entre o *Past Simple* e o *Present Perfect Simple*

- En galego non existe un tempo verbal único que traduza perfectamente as ideas expresadas polo *Present Perfect*, xa que logo deberemos empregar expresións axeitadas ás ideas que queremos transmitir. As expresións máis empregadas son o Pretérito Perfecto, ou as perífrases "ter + participio" e "acabar / vir de + infinitivo".
- O *Past Simple* expresa accións ocorridas nun momento concreto do pasado. É importante especificar ese momento concreto. As accións expresadas polo *Past Simple* están xa rematadas, como tamén está rematado o momento no que se produciron.

  *I **was** in London **last year**.* (Estiven en Londres o ano pasado.)
- Tamén se emprega o *Past Simple* para expresar varias accións pasadas consecutivas.

  *I **went** to the office, **checked** the work and **went** back home.* (Fun á oficina, comprobei o traballo e volvín á casa.)
- O *Present Perfect* expresa accións pasadas ocorridas nun momento que aínda non rematou ou que non se coñece. Co *Present Perfect* o importante é a acción mesma, non o momento no que se teña producido.

  *I **have checked** this a lot of times **today**.*
  (Comprobei / Teño comprobado isto moitas veces hoxe.)

  *I **have checked** this a lot of times.*
  (Comprobei / Teño comprobado isto moitas veces.)
- Cando vaias traducir un pasado a inglés, faite estas preguntas: Améntase o momento no que se produciu a acción? Se a resposta é "non", entón deberás empregar, como norma xeral, o *Present Perfect*. Se a resposta é "si", entón: está rematado ese momento? Se a resposta é "non", trátase de novo dun *Present Perfect*. No caso de que se amente o momento e estea rematado, será un *Past Simple*.

➡ O xerundio e o infinitivo

O xerundio

É a forma verbal rematada en **ing** que funciona como substantivo nos seguintes casos:

- Como obxecto directo dalgúns verbos: **consider**, **continue**, **deny**, **detest**, **dislike**, **enjoy**, **finish**, **hate**, **like**, **love**, **miss**, **prefer**, **recommend**, **suggest**, etc.

  *I enjoy **doing** sport.* (Divírtome facendo deporte.)
- Detrás das preposicións.

  *Lucy doesn't like his style of **playing**.*
  (A Lucy non lle gusta o seu xeito de xogar.)
- Detrás dalgunhas formas verbais: **be used to** / **get used to**, **can't help**, **can't stand**, **don't mind** / **wouldn't mind**, **feel like**, **it's no use**, **look foward to**, etc.

  *I like **playing** rugby.* (Gústame xogar ao rugby.)
- Como suxeito da oración ao falarmos de accións ou feitos en xeral.

  ***Taking up** a new sport is not easy.*
  (Comezar a facer un novo deporte non é doado.)

O infinitivo

É a forma verbal precedida de **to** e emprégase nestes casos:

- Detrás de verbos como: **agree**, **appear**, **choose**, **decide**, **expect**, **hope**, **learn**, **plan**, **promise**, **refuse**, **seem**, **want**, **wish**, etc.

  *He decided **to try** parkour.* (Decidiu probar o *parkour*.)
- Detrás dalgúns adxectivos e adverbios.

  *He woke up early **to go** fishing.*
  (Espertou cedo para ir pescar.)
- Detrás do obxecto indirecto de verbos como: **advise**, **help**, **invite**, **persuade**, **teach**, **tell**, **warn**, etc.

  *He invited me **to join** them.* (Convidoume a unirme a eles.)

Porén, algúns verbos de percepción (**hear**, **feel**, **see**, etc.), **make** e **let** levan infinitivo sen **to**).

*I let Sally **come** with us.* (Deixei a Sally vir connosco.)

Verbos seguidos de xerundio e de infinitivo

Verbos como **begin**, **forbid**, **intend**, **propose** ou **start** poden ir seguidos de ambas as dúas formas verbais sen que o seu significado varíe:

*They started **to answer** / **answering** the letters.*
(Comezaron a contestar as cartas.)

En troques, outros non significan o mesmo se levan detrás un xerundio ou un infinitivo. A continuación tes algúns exemplos:

- **forget** + **xerundio** emprégase en frases negativas para sinalar a imposibilidade de esquecer algo que ocorreu no pasado.

  *I'll never **forget meeting** Angelina Jolie.*
  (Nunca esquecerei ter coñecido a Angelina Jolie.)

  forget + **infinitivo** significa "esquecer facer algunha cousa".

  *He always **forgets to bring** the keys.*
  (Sempre esquece traer as chaves.)
- **remember** + **xerundio** significa "lembrar algo que se fixo no pasado".

  *I **remember giving** them their tickets.*
  (Lembro terlles dado as súas entradas.)

  remember + **infinitivo** significa "lémbrate de facer algo".

  ***Remember to close** the door before you go.*
  (Lembra pechar a porta antes de marchares.)
- **stop** + **xerundio** significa "deixar un costume".

  *Bob **stopped smoking** last year.*
  (Bob deixou de fumar o ano pasado.)

  stop + **infinitivo** significa "deixar de facer algo para facer outra cousa".

  *Can we **stop to have** coffee?*
  (Podemos parar para tomarmos café?)

UNIT 4 *The Environment*

FUTURE SIMPLE		
FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **will allow**	I / You **will not** (**won't**) **allow**	**Will** I / you **allow**?
He / She / It **will allow**	He / She / It **will not** (**won't**) **allow**	**Will** he / she / it **allow**?
We / You / They **will allow**	We / You / They **will not** (**won't**) **allow**	**Will** we / you / they **allow**?

Uses	Examples	Time expressions
A prediction	*The government **will allow** this type of experiment.* (O goberno permitirá este tipo de experimento.)	this evening, in an hour, at 2 o'clock, later, tomorrow, next month / year, soon, in a few weeks, in the future, on 1st May
A timetable	*The TV programme **will start** at 5 o'clock.* (O programa de TV comezara ás 5.)	
A spontaneous decision	*I've got a lot of newspapers. I **will recycle** them.* (Teño moitos xornais. Reciclareinos.)	

Forma

Afirmativa: poñemos **will** diante da forma base do verbo. No inglés falado, o normal é contraelo co suxeito e daquela **will** pronúnciase como un só "l".

Negativa: ponse **will not** + a forma base do verbo. A forma contraída (**won't**) é máis corrente no inglés falado.

Interrogativa: empregamos **will** + o suxeito + a forma base do verbo.

Usos

- Facermos predicións ou anunciar feitos vindeiros.
- Falarmos dun horario estabelecido.
- Expresarmos unha decisión súpeta, isto é, algo que decidimos facer mentres estamos a falar.

BE GOING TO		
FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I **am going to buy**	I **am not going to buy**	**Am** I **going to buy**?
You **are going to buy**	You **are not** (**aren't**) **going to buy**	**Are** you **going to buy**?
He / She / It **is going to buy**	He / She / It **is not** (**isn't**) **going to buy**	**Is** he / she / it **going to buy**?
We / You / They **are going to buy**	We / You / They **are not** (**aren't**) **going to buy**	**Are** we / you / they **going to buy**?

Uses	Examples	Time expressions
A planned action for the future	*Mike **is going to buy** a hybrid car next year.* (Mike vai mercar un coche híbrido o ano vindeiro.)	this evening, later, in an hour, at 4 o'clock, tomorrow, soon, next month / year, in a few weeks, on 8th May
An action that is about to happen	*Be careful! The dog **is going to bite** you!* (Ten coidado! O can vai morderte.)	

Forma

Afirmativa: fórmase co presente do verbo **to be** + **going to** + a forma base do verbo principal; significa "ir" + infinitivo.

Negativa: empregamos **to be** + **not** (ou **n't**) + **going to** + a forma base do verbo principal.

Interrogativa: poñemos **to be** + o suxeito + **going to** + a forma base.

Usos

- Expresarmos intencións, plans e decisións sobre o que faremos nun futuro vindeiro ou próximo.
- Dicirmos que algo está a piques de ocorrer pois vemos sinais diso.

➡ O *Present Continuous* con valor de futuro

Anuncia accións fixadas de antemán que han ocorrer no futuro próximo. Adóitase reservar para plans persoais xa concertados.

Non expresa unha intención, como **be going to**, senón algo que foi programado con antelación e que vai pasar con seguridade. Distínguese do *Present Continuous* pois a expresión temporal que vai na frase sinala un tempo futuro e non presente.

*He **is going to sign** a contract **next month**.*
(Vai asinar un contrato o mes que vén. [intención]

*He **is signing** a contract **tomorrow**.*
(Asina / asinará un contrato mañá [plan concertado]

FUTURE CONTINUOUS		
FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **will be travelling**	I / You **will not** (**won't**) **be travelling**	**Will** I / you **be travelling**?
He / She / It **will be travelling**	He / She / It **will not** (**won't**) **be travelling**	**Will** he / she / it **be travelling**?
We / You / They **will be travelling**	We / You / They **will not** (**won't**) **be travelling**	**Will** we / you / they **be travelling**?

Uses	Examples	Time expressions
An action in progress at a certain future time	*At this time tomorrow, Jack and Brian **will be arriving** in Brighton.* (Mañá a esta hora, Jack e Brian estarán chegando a Brighton.)	at this time tomorrow / next ..., on Thursday, in the next decade

Forma

Afirmativa: emprégase **will be** + a forma **ing** do verbo principal.

Negativa: fórmase con **will not** (**won't**) **be** + o verbo en **ing**.

Interrogativa: poñemos **will** + o suxeito + **be** + o verbo en **ing**.

Usos

- Expresarmos o que estará a ocorrer nun momento determinado do futuro.

FUTURE PERFECT SIMPLE		
FORM		
Affirmative	**Negative**	**Interrogative**
I / You **will have eaten**	I / You **will not** (**won't**) **have eaten**	**Will** I / you **have eaten**?
He / She / It **will have eaten**	He / She / It **will not** (**won't**) **have eaten**	**Will** he / she / it **have eaten**?
We / You / They **will have eaten**	We / You / They **will not** (**won't**) **have eaten**	**Will** we / you / they **have eaten**?

Uses	Examples	Time expressions
A completed action at a certain future time	*I **will have eaten** by 3 o'clock.* (Terei comido contra as tres.)	by this time next week, by 3 o'clock, by the end of ..., by then, by August, in four months

Forma

Afirmativa: emprégase **will have** + o participio do verbo principal.

Negativa: poñemos **will not** (**won't**) **have** + o participio.

Interrogativa: empregamos **will** + o suxeito + **have** + o participio.

Usos

- Indicarmos que unha acción estará rematada nun momento concreto do futuro.

➡ want + infinitivo / want + obxecto + infinitivo

- **want + infinitivo:** expresa o desexo de facer algunha cousa.

  *Joe **wants to forget** the ecological disaster.*
  (Joe quere esquecer a desfeita ecolóxica.)

  En galego, adoita ir seguido dun infinitivo con función de obxecto directo, de xeito que o suxeito de **want** e o do infinitivo son o mesmo.

- **want + objeto + infinitivo:** expresa o desexo de que outra persoa faga algo.

  *Environmental groups **want people to recycle** paper.*
  (As organizacións ecoloxistas queren que a xente recicle papel.)

  En galego é unha oración subordinada que leva suxeito e un verbo en subxuntivo, mais en inglés non se considera ao suxeito como tal, senón como obxecto directo de **want**; por iso, se é un pronome persoal, cómpre usar os pronomes obxecto.

  *Do you **want me to phone** for help?*
  (Queres que chame para pedir axuda?)

UNIT 5 *Communication*

AS ORACIÓNS DE RELATIVO	
DEFINING RELATIVE CLAUSES	
Uses	**Examples**
who and **that** refer to people	*Nerriere was the first person **who** / **that** studied this phenomenon.* (Nerriere foi a primeira persoa que estudou este fenómeno.)
which and **that** refer to objects	*This is the new mobile phone **which** / **that** I've just bought.* (Este é o novo teléfono móbil que veño de mercar.)
when and **that** refer to a moment in time	*He gave me an iPod the day **when** / **that** I celebrated my birthday.* (El deume un iPod o día que celebrei o meu aniversario.)
where refers to a particular place	*The airport was the place **where** he first heard Globish.* (O aeroporto foi o lugar onde el primeiro oíu Globish.)
whose refers to possession	*This is the man **whose** laptop I bought.* (Este é o home cuxo ordenador portátil merquei.)
NON-DEFINING RELATIVE CLAUSES	
Uses	**Examples**
who, **which**, **when**, **where**, **whose** can all be used, but **that** cannot be used	*My brother, **who** is an engineer, designs robots.* (O meu irmán, que é enxeñeiro, deseña robots.) *This MP3 player, **which** is rather old, has got poor sound quality.* (Este MP3, que é bastante vello, ten unha cualidade de son mala.)

Son oracións subordinadas adxectivas introducidas por un pronome ou un adverbio relativo. Poden ser de dous tipos: **defining** (especificativas) e **non-defining** (explicativas).

Defining Relative Clauses

As especificativas achegan información tan esencial sobre o seu antecedente que sen elas a frase ficaría incompleta.

- Os pronomes **who** (persoas), **which** (cousas) e **that** (persoas e cousas) pódense omitir se non fan de suxeito. **Whose** (pertenza) non se pode omitir nin substituír.

  *She is the girl (**who** / **that**) I met in England.*
  (Ela é a rapaza á que coñecín en Inglaterra.)
  *I did not get the e-mail (**which** / **that**) you sent.*
  (Non recibín o correo electrónico que mandaches.)
  *This is the blog **whose** author is unknown.*
  (Este é o blog cuxo autor é descoñecido.)

- **When** (tempo) e **where** (lugar) son os adverbios relativos. **When** pódese omitir e substituír por **that**. **Where** non pode substituírse por **that** e só se omite nalgunhas ocasións.

  *I'll never forget the day (**when** / **that**) I met her.*
  (Nunca esquecerei o día en que a coñecín.)
  *I visited the area **where** all the trendy shops are.*
  (Visitei a zona onde están todas as tendas de moda.)

Se o relativo leva preposición, o máis común é omitilo e pór a preposición tras o verbo.

*The boy (**who** / **that**) I talked **to** was nervous.*
(O rapaz co que falei estaba nervioso.)

Non-defining Relative Clauses

Engaden información extra sobre o seu antecedente, por iso van entre vírgulas. Fórmanse con **who**, **which**, **when**, **where** e **whose** (nunca con **that**), os cales nunca se omiten. Non adoitan empregarse na linguaxe oral por seren moi formais.

*Jack, **who is English**, works for a French firm.*
(Jack, que é inglés, traballa para unha empresa francesa.)

➡ Verbos seguidos de preposición

Hai moitos verbos en inglés que sempre van acompañados da mesma preposición.

*I'm **waiting for** the bus.* (Estou á espera do autobús.)

Algúns deles poden levar diferentes preposicións detrás, e daquela adoita variar o seu significado.

arrive at (chegar a [un lugar])
arrive in (chegar a [unha cidade ou país])
talk about (falar de / sobre)
talk with / to (falar con)
think about (opinar [sobre], parecer; pensar en)
think of (pensar en)

A continuación podes ver algúns exemplos:

*She has already **arrived at** the office.*
(Ela xa chegou á oficina.)

*He **arrived in** Cartagena on Sunday morning.*
(Chegou a Cartaxena domingo pola mañá.)

*We **talked about** our teachers.*
(Falamos dos nosos profesores.)

*The reporters want to **talk to** Bruce Willis.*
(Os xornalistas queren falar con Bruce Willis.)

Repara na listaxe de verbos con preposición que hai nas páxinas finais para ver máis casos.

UNIT 6 *Culture and Customs*

OS MODAIS		
Modals	**Uses**	**Examples**
be able to	Ability	*Her brother **is able to speak** many different languages.* (O seu irmán é quen de falar moitas linguas diferentes.)
can	Ability Request Possibility	*Sara **can cook** Moroccan food.* (Sara sabe cociñar comida marroquina.) ***Can** I **phone** you this evening?* (Podo telefonarte esta tarde?) *Parkour **can be** dangerous.* (O *Parkour* pode ser perigoso.)
can't	Lack of ability Certainty that something is impossible	*Alice **can't speak** Japanese.* (Alice non sabe falar xaponés.) *It isn't very late. The pub **can't be** closed.* (Non é moi tarde. O pub non pode estar pechado.)
could	Past ability Polite request Polite suggestion Possibility	*Aitor **could run** marathons when he was younger.* (Aitor podía correr maratóns cando era máis novo.) ***Could** you **help** me with the suitcases?* (Podería vostede axudarme coas maletas?) *Your cousin **could take** a taxi to the station.* (O seu curmán podería coller un taxi á estación.) *It **could be** useful to learn about other cultures.* (Podería ser útil aprender sobre outras culturas.)
don't have to	Lack of obligation	*We **don't have to get up** early on Sunday.* (Non temos que madrugar o domingo.)
have to	Necessity, obligation	*You **have to arrive** on time. It's rude to be late.* (Vostede ten que chegar a tempo. É de mala educación chegar tarde.)
may	Possibility Polite request	*It **may snow** tomorrow.* (Pode nevar mañá.) ***May** I **join** this team?* (Podo unirme a este equipo?)
might	Possibility	*It **might be** easier if Daniel helped you.* (Podería ser máis doado se Daniel te axudase.)
must	Necessity, obligation Certainty that something is true	*Spanish students **must learn** English at school.* (Os estudantes españois deben aprender inglés na escola.) *Debbie has got a great job. She **must be** very happy.* (Debbie ten un gran traballo. Ela debe de ser moi feliz.)
mustn't	Prohibition	*You **mustn't exceed** the speed limit.* (Non debes exceder o límite de velocidade.)
need to	Necessity, obligation	*You **need to study** harder.* (Tes que estudar máis duro.)
needn't	Lack of obligation / necessity	*You **needn't bring** anything - there's lots of food.* (Vostede non ten que traer nada, hai comida de máis.)
ought to	Advice, opinion	*My friend **ought to improve** her manners.* (O meu amigo debería mellorar os seus modais.)
should	Advice, opinion	*You **should try** Indian food. It's great!* (Deberías probar a comida india. É estupenda!)
would	Formal request Offer	***Would** you **open** the window, please?* (Abrirías a ventá, por favor?) ***Would** you **like** something to drink?* (Quererías algo para beber?)

➡ Os modais

- Son invariábeis, polo que teñen unha mesma forma para todas as persoas.
- Non necesitan **do** para formaren a negativa nin a interrogativa.
- Sempre van seguidos dun verbo na forma base.
- Non teñen infinitivo, participio, futuro, formas en **ing** nin tempos compostos.

Be able to e **have to** non comparten todos estes trazos, mais si algúns dos seus usos (habilidade, obriga, etc.).

can / be able to / can't

Can, alén de expresar habelencia ou capacidade, emprégase para dar e pedir permiso, facer peticións e indicar posiblidade.

Todos estes usos en negativa exprésanse con **can't**, o cal significa, ademais, dedución ou certeza de que algo é imposíbel.

Can só pode empregarse en presente, de xeito que no resto de tempos verbais empregamos **be able to**.

could

Emprégase para indicar habelencia no pasado, facer peticións e suxestións máis formais ca con **can**, e expresar unha posibilidade máis afastada ca con **can**.

may / might

Expresan posibilidade (más afastada cando se emprega **might**) de que ocorra algo. **May** tamén se emprega para facer peticións máis formais ca con **can**.

must / have to

Ambos os dous expresan obriga ou necesidade, mais con **must** a obriga é máis forte (como cando a impón a lei ou alguén de autoridade). Ademais, expresan unha conclusión lóxica ("deber de", "ter que").

Must só pode empregarse en presente, de xeito que no resto de tempos verbais empregamos **have to**.

need to / needn't

Need to non é un modal, pois precisa **do** en interrogativa e negativa e pode empregarse en calquera tempo pois se conxuga.

Needn't, en troques, si é un modal e só se emprega en negativa para indicar que non hai obriga ou necesidade de facer algo (o mesmo que **don't have to**).

mustn't / don't have to

Mustn't indica prohibición, en troques **don't have to** significa "non ter que" / "non ter por que", isto é, ausencia de obriga e de necesidade (como **needn't**).

should / ought to

Os dous empréganse para dar consello e facer recomendacións. **Ought to** apenas se emprega en negativa nin en interrogativa. **Should** é o máis empregado dos dous.

would

Emprégase para pedir ou ofrecer algo de maneira educada.

OS MODAIS PERFECTOS

Modal Perfects	Uses	Examples
